

PROXECTO DE RESOLUCIÓN do ___ de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia, como profesor/a especialista, en determinados módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico/a superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable-código 59XXX-.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece no seu artigo 95.2, coa nova redacción dada pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, que “Excepcionalmente, para impartir módulos profesionais en determinadas especialidades poderase incorporar, como expertos do sector produtivo, atendendo á súa cualificación e ás necesidades do sistema educativo, a profesionais, non necesariamente titulados, que desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral.”

Así mesmo, o apartado 2 do artigo 88 da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, recolle que se establecerán regulamentariamente os requisitos específicos e condicións para o desempeño das funcións de apoio docente das persoas expertas de sector produtivo, que prestarán os seus servizos en réxime de contratación laboral. O desenvolvemento do devandito apartado, actualmente pendente, é competencia exclusiva do Estado, segundo o establecido na disposición final sexta da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo.

Tendo en conta o anterior, a regulación destes profesionais ven recollida no Real decreto 1560/1995, do 21 de setembro, polo que se regula o réxime de contratación de profesores especialistas .

Por outra banda, o Real decreto 174/2021, do 23 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable e se fixan os aspectos básicos do currículo, no seu art.12.3 establece que o profesorado especialista terá atribuídas as competencias docentes dos módulos profesionais especificados no anexo III A).

No apartado 4 dese art.12 indica que “O profesorado especialista deberá cumprir os requisitos xerais exixidos para o ingreso na función pública docente establecidos no artigo 12 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da dita lei.”

Así mesmo, no apartado 5 do devandito art.12 recolle que “Ademais, co fin de garantir que responda ás necesidades dos procesos involucrados no módulo profesional, cómpre que o profesorado especialista acredite no comezo de cada nomeamento unha experiencia profesional recoñecida no campo laboral correspondente, debidamente actualizada, con polo menos dous anos de exercicio profesional nos catro anos inmediatamente anteriores ao nomeamento.”

O Real Decreto 1560/1995, do 21 de setembro, polo que se regula o réxime de contratación de profesores especialistas no seu art. 2.1 establece que “Para impartir as ensinanzas de formación profesional específica, Artes Plásticas e Deseño, Música e Artes Escénicas, poderase contratar como profesores especialistas a profesionais que estean a desenvolver a súa actividade no ámbito laboral, e que, pola súa experiencia profesional, teñan unha recoñecida competencia nas áreas, materias ou módulos que o sistema educativo necesite cubrir con profesores especialistas.”

O texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017, establece a posibilidade de que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades convoque procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no caso de que resulte necesario cubrir necesidades de profesorado.

Finalmente, cara a futura implantación do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico/a superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable, advírtese a necesidade de incorporación de persoas candidatas ás listas de interinidades e substitucións para impartir como profesorado especialista -código 59XXXX- determinados módulos profesionais das devanditas ensinanzas, polo que procede realizar a convocatoria para establecer o procedemento de elaboración de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia como profesorado especialista -código 59XXXX- nos módulos profesionais incluídos no ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico/a superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable, que a continuación se indican:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SESIÓNS SEMANAIS	CURSO
MP1653	Técnicas de condución.	3	1º
MP1657	Seguridade viaria.	7	1º
MP1655	Didáctica da ensinanza práctica da condución.	16	2º

Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír, na data

de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Acreditar unha experiencia profesional recoñecida, acumulada fóra do sistema educativo, de polo menos dous anos, nos catro anos inmediatamente anteriores á publicación desta resolución, no ámbito da formación viaria, mobilidade segura e sustentable, tendo exercido, coas autorizacións correspondentes, como:

- Director/a de Escolas Particulares de Condutores.
- Profesor/a de Escolas Particulares de Condutores.

Estas persoas deberán estar en posesión de todos os permisos de condución recollidos no Real decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Condutores.

As autorizacións coas deberán contar as persoas aspirantes son:

- Autorización do exercicio como profesor/a de formación viaria regúlase no Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento regulador das escolas particulares de condutores. Nesta mesma norma tamén se regula a autorización para ser director de autoescola.
- Título de formador/a específico para os cursos de sensibilización e reeducación viaria para os titulares dun permiso ou licenza de condución, regulados na Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo.
- Título de formador/a para impartir a formación específica para condución de vehículos que transporten mercadorías perigosas, esixida polo artigo 25 do Regulamento xeral de condutores (Real decreto 818/2009, do 8 de maio), regulada na Orde do 18 de xuño de 1998, do Ministerio do Interior.
- Certificación dos servizos prestados como formador/a nos Cursos de Adaptación Profesional (CAP) para ser condutor/a profesional e ter tarxeta de condutor/a regulados no Real Decreto 284/2021, do 20 de abril, regulada pola Orde FOM/2607/2010, do 1 de outubro.

2. Ter a nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou atoparse as persoas aspirantes incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade,

descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; e as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

3. Ter feitos os dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación forzosa.

4. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao corpo e especialidade a que se opta.

5. Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

6. Non ser funcionario/a de carreira, en prácticas ou estar pendente do correspondente nomeamento como funcionario de carreira do mesmo corpo ao que se refira a convocatoria.

7. Acreditar o coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española, deberán acreditar un coñecemento adecuado do castelán.

8. Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, conforme dispón o artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

Terceira. Solicitudes e prazo

1. As persoas interesadas deberán formular a solicitude de participación e realizarán o pagamento de taxas. Coa solicitude deberán achegar unha copia da documentación xustificativa dos requisitos mínimos previstos na base segunda, e da documentación acreditativa daqueles méritos que aleguen susceptibles de valoración segundo o previsto na base novena. O modelo de

solicitud e o modelo de baremación de méritos será o que figure publicado no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal no apartado de profesorado-xestión de profesorado.

As persoas aspirantes que teñan recoñecida unha discapacidade de, polo menos, o 33% na data da solicitude deberán achegar unha copia compulsada da documentación acreditativa do dito recoñecemento para os efectos da aplicación, de ser o caso, da garantía de chamamentos a persoas con discapacidade prevista no parágrafo segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017.

2. O prazo para formular solicitudes, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, será de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no portal da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal. No caso de optar pola presentación da solicitude e demais documentación nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada.

Cuarta. *Importe e pagamento dos dereitos de inserción nas listas*

(Códigos: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, código 07; Delegación de Servizos Centrais, código 13; Servizo de Secretaría, código 01; taxa denominación, solicitude de inscrición nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na administración da Comunidade Autónoma: código 300301).

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 18,40 euros.

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición nas listas, logo de xustificación documental:

- a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria de probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por



desemprego.

O pagamento da taxa poderá efectuarse por dous medios:

-A través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

-De forma telemática, no portal de Internet da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal>).

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago da mesma. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargo en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

A non presentación dentro do prazo da xustificación do pagamento das taxas, no que figure, de ser o caso, o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Quinta. Comisión de valoración

A asignación da puntuación que lles corresponde ás persoas concursantes será realizada por unha comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

Sexta. Relación provisional de persoas admitidas e excluídas, baremo provisional e reclamacións

A comisión prevista no punto quinto realizará a valoración dos méritos tendo en conta o disposto na base novena da presente resolución.

Logo de realizada a valoración dos méritos, a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará a resolución pola que se aprobará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación,

Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal.

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet. As alegacións así formuladas, unha vez presentadas no rexistro oficial correspondente, deberán adiantarse escaneadas (co selo de rexistro) tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.gal

Sétima. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, baremo definitivo e recursos

Logo de revisadas as reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará a resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal.

Contra esta resolución que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal de Internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava. Orde de chamamentos

As persoas candidatas seleccionadas ocuparán, na lista do correspondente ámbito profesional, o número de orde de chamamentos que corresponda segundo o procedemento.

Novena. Valoración das solicitudes

O baremo aplicable na valoración dos méritos será o que figura recollido como anexo I da presente resolución.

En calquera caso, para a valoración das solicitudes, terán sempre preferencia aquelas persoas que cumprindo o requisito de experiencia profesional recollido no apartado 1 da disposición segunda desta resolución, acrediten

documentalmente estar en posesión dalgunha titulación de nivel de ensinanza superior.

Décima. Recursos

Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos



ANEXO I

Baremo a aplicar na valoración de solicitudes de contratación de profesorado especialista de módulos profesionais do ciclo conducente á titulación de técnico/a superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable		
Méritos	Puntos	Documentos
1. EXPERIENCIA PROFESIONAL	Máximo 6	Para acreditar será necesario achegar:
<p>a) Experiencia profesional, acumulada fóra do Sistema educativo, de polo menos dous anos, nos catro anos inmediatamente anteriores á publicación desta resolución, nos ámbitos da formación viaria, mobilidade segura e sustentable, xestión do tráfico e circulación de vehículos, exercendo como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Director/a de Escolas Particulares de Condutores. • Formador/a de Escolas Particulares de Condutores. <p>Estas persoas deberán estar en posesión de todos os permisos de conducción recollidos no Real decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Condutores.</p> <p>As autorizacións coas deberán contar as persoas aspirantes son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autorización do exercicio como profesor/a de formación viaria régulase no Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento regulador das escolas particulares de condutores. Nesta mesma norma tamén se regula a autorización para ser director de autoescola. • Título de formador/a específico para os cursos de sensibilización e reeducación viaria para os titulares dun permiso ou licenza de conducción, regulados na Orde INT/2596/2005, do 28 de xullo. • Título de formador/a para impartir a formación específica para conducción de vehículos que transporten mercadorías perigosas, esixida polo artigo 25 do Regulamento xeral de condutores (Real decreto 818/2009, do 8 de maio), regulada na Orde do 18 de xuño de 1998, do Ministerio do Interior. • Certificación dos servizos prestados como formador/a nos Cursos de Adaptación Profesional (CAP) para ser condutor/a profesional e ter tarxeta de condutor/a regulados no Real Decreto 284/2021, do 20 de abril, regulada pola Orde FOM/2607/2010, do 1 de outubro. <p>Valorarase a experiencia acreditada por riba do requisito mínimo esixido.</p>	<p>Máximo 4 0,2 por ano 0,016 por mes completo</p>	<p>1) No caso das empresas privadas: xunto con informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, certificación das entidades onde se prestasen servizos laborais recollendo as ocupacións e as actividades realizadas.</p> <p>2) Certificados de exercicio da actividade emitidos pola DGT.</p> <p>3) Documentos acreditativos da posesión de todos os permisos de conducción recollidos no Real decreto 818/2009, de 8 de maio.</p> <p>4) No seu caso, documentación acreditativa das autorizacións coas que deberán contar as persoas aspirantes.</p>
<p>b) Experiencia profesional remunerada no ámbito docente</p> <p>b1) Como profesor/a de módulos profesionais do ciclo formativo conducente ao título de técnico/a superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable ou do ciclo formativo conducente ao título de técnico/a en Conducción de Vehículos de Transporte por Estrada.</p> <p>b2) Como profesor/a en ciclos formativos de formación profesional das familias profesionais de Servizos socioculturais</p>	<p>Máximo 1 0,3 por ano 0,025 por mes completo</p>	<p>1) No caso da Administración pública: certificación onde conste os servizos prestados, con indicación do nivel e complemento de destino dos postos desenvolvidos.</p> <p>2) No caso das</p>



e á comunidade, Administración e xestión, Edificación e obra civil ou de Transporte e mantemento de vehículos.	0,15 por ano 0,0125 por mes completo	empresas privadas: xunto con informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, certificación das entidades onde se prestasen servizos laborais recollendo as ocupacións e as actividades realizadas.
c) Experiencia profesional remunerada no ámbito docente, noutras ensinanzas ou niveles educativos. No caso de experiencia acumulada no nivel universitario será valorada a realizada como persoal funcionario ou como persoal contratado, para o desenvolvemento de tarefas docentes, nalgunha das seguintes categorías: profesor/a axudante doutor/a, profesor/a colaborador/a, profesor/a contratado/a doutor/a, profesor/a asociado/a e profesor/a visitante.	Máximo 0,5 0,1 por ano 0,0083 por mes completo	1) No caso da Administración pública: certificación onde conste os servizos prestados, con indicación do nivel e complemento de destino dos postos desenvolvidos. 2) No caso das empresas privadas: xunto con informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, certificación das entidades onde se prestasen servizos laborais recollendo as ocupacións e as actividades realizadas.
2. FORMACIÓN PEDAGÓXICA	Máximo 2	
a) Posuír o Curso de Aptitude Pedagóxica; o Máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor/a de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e ensinanzas de idiomas; ou o curso de especialización en formación pedagóxica e didáctica para o profesorado técnico de formación profesional, que habilite para o exercicio das profesións reguladas de profesor/a de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.	2	Certificación acreditativa da formación pedagóxica.

<p>b) Posuír algunha das seguintes titulacións de diplomado/a, licenciado/a, grao, ou equivalentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pedagogía. • Psicopedagogía. • Psicoloxía. • Mestre/a. <p>Este mérito será valorado unha soa vez, con 2 puntos.</p>	2	Documento acreditativo de cada titulación
3.FORMACIÓN ESPECÍFICA RECIBIDA	Máximo 1	
a) Posuír algún dos certificados de profesionalidade de Condución de autobuses (TMVI0108), de Condución de vehículos pesados de transporte de mercadorías por estrada (TMVI0208), ou de Condución profesional de vehículos turismos e furgonetas (TMVI0112).	0,25 por cada certificado	Certificado de profesionalidade expedido
<p>b) Cursos recibidos no ámbito da formación viaria, da mobilidade segura e sustentable, ou da xestión do tráfico e circulación de vehículos.</p> <p>Valorarase os diplomas ou certificados de aproveitamento que teñan relación directa cos contidos dos módulos profesionais a impartir que foran recibidos nos últimos 5 anos e unicamente a formación superior ás 10 horas.</p>	<p>0,01 por cada curso recibido, de 10 a 25 horas</p> <p>0,02 por cada curso recibido, de 26 a 50 horas</p> <p>0,03 por cada curso recibido, de máis de 50 horas</p>	Certificación acreditativa da formación superada
4. COÑECEMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS	Máximo 0,5	
Valorarase o maior nivel de coñecementos de cada lingua estranxeira, segundo o marco común europeo de referencia para as linguas.		Certificación acreditativa do nivel acadado
a) Nivel C2	0,3 por cada lingua estranxeira	
b) Nivel C1	0,15 por cada lingua estranxeira	
c) Nivel B2	0,05 por cada lingua estranxeira	
5. OUTROS MÉRITOS	Máximo 1,5	
a) Relatorios e/ou comunicacións en Congresos e Xornadas que teñan relación cos contidos dos módulos profesionais a impartir.	0,2 por relatorio/co munición	Certificación acreditativa
b) Publicacións relacionadas cos módulos profesionais a impartir que tiveran asignado ISBN ou ISSN.	0,25 por cada publicación	Certificación da editorial.Copia do anverso e do reverso



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES